

Convocatoria de sesión ordinaria de Xunta de Goberno para o luns, día 20 de xuño de 2022, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023, a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** de Xunta de Goberno:

DÍA: 20 de xuño de 2022

HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Mediante o sistema de videoconferencia a través do seguinte enlace:
<https://call.lifsizecloud.com/3891540>

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2022/17R/XGL PRESIDENCIA

Acta da sesión anterior, ordinaria, do día 8 de xuño de 2022.

2. 2022/778C PRESIDENCIA

Dación de conta e ratificación da resolución da Presidencia de data 13 de xuño de 2022, pola que se deixou sen efecto a convocatoria do procedemento para a concesión das subvencións para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2022.

3. 2022/8755W PRESIDENCIA

Resolución do concurso público de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e de autoemprego en concellos rurais de menor poboación, no marco do proxecto emprendOU.

4. 2022/3958N PRESIDENCIA

Resolución do concurso público para a concesión de subvencións a entidades sociais para proxectos de servizos sociais para o ano 2022.

5. 2022/7918Q PRESIDENCIA

Programación do curso 2022-2023 e fixación de prezos para as actividades do CCP Xaquín Lorenzo-Escola de Danza.

6. 2022/7987Q PRESIDENCIA

Programación da Escola Provincial de Gaitas para o curso 2022-2023

7. 2022/7939Z PRESIDENCIA

Programación da Escola Provincial de Artes e Oficios e fixación de prezos públicos para o curso académico 2022-2023

8. 2022/6957K PRESIDENCIA

Subvención á Asociación Musical de Trasmiras para gastos de funcionamento da entidade correspondentes á tempada 2021-2022.

9. 2022/6522T PRESIDENCIA

Subvención ó Club Deportivo Cultural Ribeiro para o fomento do deporte: gastos de funcionamento da entidade correspondentes á tempada 2021-2022.

10. 2021/13504S PRESIDENCIA

Subvención á Diocese de Astorga para pintura exterior na Igrexa de Sobradelo.

11. 2022/8162F PRESIDENCIA

Subvención ó Liceo Recreo Ourenzano para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó exercicio 2022.

12. 2022/529R PRESIDENCIA

Subvención ó Concello do Bolo para a execución da obra “Camiño Outar de Prego”.

13. 2022/7952G PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Carballada de Valdeorras para servizos sociais-fisioterapia, correspondentes ó ano 2022.

14. 2022/1747D PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Cortegada para a adquisición do balneario antigo de Cortegada.

15. 2022/8502W PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Riós para o Centro Agroforestal de Riós, exercicio 2022.

16. 2022/2809J PRESIDENCIA

Subvención ó Concello de Xunqueira de Ambía para a rehabilitación da antiga Casa Cuartel.

17. ASUNTOS DE URXENCIA.

18. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

19. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.